

REGULAMENTO DA LIGA DE NATACIÓN ESCOLAR

CONCELLO DE VIGO 2025

1. Organización.

A Liga de Natación Escolar “**Concello de Vigo**”, está organizada pola Fundación Vide copatrocinio do Concello de Vigo e a dirección técnica do Club Natación Vigo Rías Baixas.

2. Sede.

Piscina Municipal do Carme (Complexo Municipal das Travesas).

3. Datas.

1ª Xornada: 26 de xaneiro

2ª Xornada: 23 de marzo

3ª Xornada: 11 de maio

4. Horarios.

As xornadas desenvolveranse entre as 9.00h e as 14.00h, podendo variar en función do volume de participación, indicándose en todo caso e con antelación suficiente, os posibles cambios ós colexios participantes.

5. Inscripción.

A inscrición é gratuita e, a data límite inscrición pechara o lúns da semana de competición de cada unha das xornadas sempre que haxa prazas dispoñibles.

Os centros escolares, ampas ou responsable dos participantes do colexio remitirán por mail os documentos facilitados de inscrición do colexio e listado en excell dos/as participantes.

6. Categorías.

- o Promesas: Nados dende 2016 ao 2019 (ambos anos incluídos)
- o Benxamíns: Nados dende 2013 ao 2015 (ambos anos incluídos)

7. Probas.

Programa da 1ª e 2ª xornada:

- 25 metros libre mixtos Promesas.
- 25 metros espalda mixtos Promesas.
- 25 metros libre mixtos Benxamín.
- 25 metros espalda mixtos Benxamín.

Programa da 3ª xornada:

- 25 metros libre mixtos Promesas.
- 25 metros libre mixtos Benxamín.

8. Competición, puntuacións e clasificacións.

- As probas nadaranse polo sistema contrarreloxo.
- Os resultados serán acumulativos o final, obtidos nas tres xornadas.
- Cronometraxe electrónico.
- A puntuación será 600, 400, 350, 250, 200, 150, 100, 70, 60, puntos dende o primeiro ate o décimo clasificado en cada proba e 50 puntos para o resto de clasificados/as.

- Clasificación de colexios: Para a clasificación de colexios, a efectos de puntuación, teranse en conta as puntuacións dos 3 primeiros nadadores masculinos e as 3 primeiras nadadoras femininas de cada colexio, en cada proba e categoría, con independencia do número de nadadores que participen por cada colexio, polo tanto obterase un colexio gañador en categoría benxamín e outro en promesa.
- As puntuacións serán expostas á maior brevedade posible.
- Os colexios poderán inscribir nadadores para a derradeira xornada. Poderán participar pero os seus puntos non sumarán nin para a clasificación por equipos nin para a de participantes.

9. Participación e normativa.

- Aberta e gratuíta: A competición está aberta a todos/as matriculados/as nos colexios de Vigo (públicos, privados ou concertados).
- Non existe limitación en canto ao número de nadadores/as que cada colexio poida inscribir en cada unha das probas a nadar en cada xornada.
- A organización contratará un seguro de accidentes para todos os participantes.
- Dentro da piscina, os/as nadadores/as deberán estar sempre acompañados por un/unha delegado/da representante de cada colexio. Os colexios con moitos participantes serán informados do número de delegados necesarios (os delegados poden ser membros do colexio, do anpa ou un pai/nai voluntario). Se algún colexio non dispón de delegado poderá ser asignado polo Club Natación Vigo Rías Baixas.
- A Competición rexerese pola normativa federada vixente.

10. Premios.

- ✓ Medallas para todos/as os/as nadadores/as.
- ✓ Trofeo ao colexio con maior participación ao longo de tódalas xornadas.
- ✓ Trofeo aos 3 primeiros/as colexios mellor clasificados.
- ✓ Trofeos aos 3 primeiros/as clasificados/as masculinos e femininos en cada unha das categorías.

11. Participación nadadores/as con necesidades concretas.

A organización poñerá a disposición dos participantes os medios necesarios para que poidan participar de forma inclusiva, polo que os centros deberán comunicar no momento da inscrición as características ou apoios necesarios.

12. Consideracións.

- Farase entrega dun gorro de natación a cada nadador.
- No momento de participar cada nadador/a aparecerá na pantalla que se instalala na instalación para a ocasión; o nome dos/as participantes de cada serie e o colexio co que participan.
- Ó remate da proba na derradeira xornada, farase un descanso para acto seguido realizar a entrega das medallas e trofeos o participantes asistentes.

13. Patrocinadores



FARODE VIGO

